

DEMODAY

EMPRENDEMENTO
MUSICAL

5 DE MAIO 2023
presencial



Organiza e cofinancia



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO

EOI Escuela de organización industrial

PAIDEIA
galiza fundación



Unión Europea
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

Colabora



O PROGRAMA GO2WORK ESPAZOS COWORKING EOI - PAIDEIA

QUE É?

- Un espazo de traballo destinado a emprendedores/as innovadores.
- Diseñado para aumentar as probabilidades de éxito de proxectos innovadores en fase temperá de desenvolvemento.
- Cun obxectivo: lograr que os emprendedores/as en pouco tempo poidan poñer en marcha os seus proxectos.
- Un nodo do ecosistema emprendedor impulsado por EOI, con acceso a networking, formación e oportunidades de investimento.

QUE APORTA O EMPRENDEDOR/A ?

- As ideas: plan ou idea de negocio.
- A ilusión e enerxía: para impulsalo antes de 5 meses.
- O compromiso: asistencia obrigatoria.

QUE APORTA COWORKING EOI-PAIDEIA ?

- Espazo: Acceso a unha área común de traballo e as salas de reunións.
- Compañía: titores e mentores, ademais dun programa formativo especializado.
- Ecosistema: pertenza a unha rede EOI de 50 espazos coworking por toda España e participación en eventos específicos.

QUEN PODE PARTICIPAR?

- Emprendedores/as innovadores/as con proxectos empresariais en fase temperá de desenvolvemento.
- Emprendedores/as innovadores/as que crearan a empresa recentemente (máximo 6 meses antes de incorporarse ao espazo).

O PROGRAMA GO2WORK ESPAZOS COWORKING EOI - PAIDEIA

PROFESIONAIS QUE PARTICIPARON

Como ponentes: Kin Martínez (Esmerarte) • Susana García (Lean Startup) • Carlos Pereiro (Carlangas) • Alejandro Guillán (Baiuca) • Patricia Gabeiras (Gabeiras & Asociados) • Pilar Aguilar e Paula Sánchez (Sympathy for the Lawyer) • Ana Biedma (Altafonte) • Manuel Colmenero (Sonobox), Marcos Vázquez (Esmerarte) • Estefanía Serrano (Plan B) • Lucía Martínez e Luisa Castiñeira (The Office Comunicación) • Rosana Corbacho (Psicóloga especializada na industria musical) • **Como titores:** Patricia Hermida • Josiño Carballo • Aitor Castiñeiras • Javier Becerra • César Guisado • Tali Carreto • Miguel Guisado • Paco Loco • Manuel Colmenero • Xaime Miranda • Guillermo de Lorenzo • Javier Portu • Álvaro Hernández-Pinzón • Guillermo Vergara • José Ferrón • Mon Rivas • Rafa Vázquez • María Trincado • Javier Boquete • Susana García.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



ABRIL

Linktree* @abril.wav

*Emprendedores/as: Marina Carpente,
Antón Lago, Claudia Franco*

Abril é tradición renovada, sons de raíz en harmonía co presente. Un espazo no que as indentidades converxen e crean comunidade nunha mesma foliada.



ÁLVARO TRILLO

🌐 <https://abuxeiro.wixsite.com/alvarotrillo>

Emprendedor: Álvaro Trillo

Álvaro Trillo é un músico, compositor, produtor e informático que ten como misión dotar de profundidade e enerxía emocional a contidos audiovisuais, a través da creación de música a medida. A súa versatilidade, coñecemento e experiencia en produción e informática musical permítenlle elaborar propostas adaptadas a todo tipo de producións, optimizando custos. Ademais, conta cunha ampla rede de colaboradores que lle permite comprometerse a que os seus clientes sempre recibirán unha música de gran calidade, axustada aos seus proxectos.



AMOEBO

Linktree* @amoebo.amoebo

Emprendedor: Aaron Valle

Amoebo é efervescencia. Unha reconstrución da verbena galega. Unha proposta de música urbana que se alimenta de ritmos latinos e do pop dos '80. Festa e diversión sen andrómenas, bailes desmedidos e moito humor, reflectido en temáticas que tocan o costumismo e a realidade da Galicia rural actual. Directos cunha alta intensidade que incitan á interacción co público, a mover as cadeiras e a chorrear en suor. A síntese de sons que evocan ao pasado como o funk pop, as cumbias, bachatas e merengues con sons máis actuais arraigados ao urban, como o autotune e os drums agresivos, forman un cóctel explosivo que non deixará indiferente a ninguén.



ANDRÉ GS

Linktree* @andreGS

Emprendedor: Xiao García

Buscamos que co noso produto (a música) sintaste representadx e acompañadx nas túas decisións, facéndoche ver que o artista (André GS) tamén ten soños e frustracións, é contraditorio en si mesmo e moitos outros exemplos de ser humano común. André pon voz a esa xente que soña e chega; soña, frústrase e non chega; soña, cae pero levántase e triunfa. A través das letras e a música tratamos de representar a varias xeracións e que elas mesmas decidan consumir o produto como algo necesario para as súas vidas xa que senten que son parte da nosa música.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



CHRIS INDIAN

 @chris_indian

Emprendedor: Christopher Martínez

Artista e produtor musical que encontrou o seu estilo a partir de autoproducirse, fusiona diferentes estilos musicais que van desde o urbano ata un pop máis orgánico e alternativo.



DE NINGHURES

Linktree* @deninghures

Emprendedores/as: Aldara Palmeiro, Manuel Lucas, Tomé Mouriño

De Ninghamures soa a folk fresco e global onde sete mozos e mozas ensinan a súa forma de manter con vida a música tradicional galega nos tempos de globalización. A finais do 2022 publican o seu primeiro álbum "AQUÍ", no que conflúen pezas de composición propia con arranxos do repertorio tradicional. Tras presentar o disco na sala Malatesta (Santiago), están a levar o seu traballo por diferentes salas e festivais como Festas de San Froilán (Lugo), Garufa Club (A Coruña) ou Rebullón (Mos).



ELBA

Linktree* @elbasouto

Emprendedora: Elba Souto

ELBA fai de La Magia Natural un paradigma de eclecticismo insólito no pop nacional. O seu primeiro disco, no que a cantante e produtora santiaguesa crea paisaxes oníricos e atmosferas máxicas combinando música pop con elementos electrónicos, e unha voz doce, potente e audaz, capaz de cambiar de estilo e envolvernos no seu pop intimista, melódico e imprevisible.



FILLOAS

📷 @o.filloas

Emprendedor: Iago Galego

Son Filloas, un artista de pop urbano en galego que che ven a traer unha música coa que non parará de bailar e moverte. O meu estilo se basea na autenticidade das miñas letras, sendo un reflexo da miña vida e das miñas experiencias, abordando os meus sentimentos máis profundos pero buscando sacarche un sorriso (basicamente son un meme) intentando transmitir unha mensaxe positiva. Misturo ritmos clásicos do Punk con outros máis modernos como o Hyperpop ou o Trap, intentando facer as cousas con amor e (bo humor) máis que con técnica. Así que, se estás buscando música actual, auténtica e divertida en galego, non dubides en pasarte por un concerto meu. Polo menos che aseguro que farás un bo colega!

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



FUTURO ALCALDE

Linktree* @FuturoAlcalde

Emprendedor: Fernando Sanmartín

Futuro Alcalde é para que bailes, para que rompas os mobles, chores, namores e desenamores. De maneira máis concreta, a miña proposta de valor como solista é buscar algo novo, o suficientemente fresco para chamar a atención, pero sen volverse algo impostado. Que sexa próximo e que sirva para diferentes momentos sen esquecer que é música de festa. Unha mestura de estilos musicais que van desde o punk ao urbano, con letras honestas e sinceras. Actitude irreverente, marcada por unha presenza estética desafiante e cun show que non deixa indiferente ao público.



HELENA EGEA

Linktree* @helenaagea

Emprendedora: Helena Egea

Helena Egea é unha voz nova que chama ao pasado. Artista solista con estudos de violín, piano, voz e formación por libre de guitarra con experiencia en distintas bandas e formatos desde os 15 anos. Inspirada en grandes artistas como Aretha Franklin, Ella Fitzgerald, Janis Joplin..., crea este proxecto mestura o son dos clásicos do soul, jazz e rock con novos elementos, como o violín. Coa súa voz evoca a paixón das voces de mulleres fortes recollidas en letras íntimas. O seu proxecto creceu desde a composición e o directo acústico con guitarra e piano. Agora engade un formato con banda, estreado en 2022 en Festival Noroeste como gañadora do concurso de Cuac Fm. A súa versatilidade e gusto ecléctico ofrecen unha aposta que se ve apoiada por distintos premios desde o ano 2020 (segundo premio con "Glass" nos premios á Xuventude da Deputación de Pontevedra, segundo premio Sonidos Mans Salas 2022) e que se está consolidando este ano coa preproducción do seu primeiro EP como unha das seleccionadas na aceleradora SonEmerxente.



HYDN

Linktree* [hydn.iamhydn.com](https://www.hydn.iamhydn.com)

Emprendedora: Sandra Vázquez

Precursora do galenglish, hydn introdúcenos nun mundo de fantasía, lume e escuridade. hydn crea o que define como "main character music", unha música que, como ela mesma di "é unha especie de dark pop electrónico con influencias do dark RnB, pero en realidade gústame xogar e beber de moitos máis xéneros". Cun son inspirado por artistas e xéneros moi diferentes, esta artista prométenos unha viaxe da que ninguén sairá indiferente. E ti... de que te estás a esconder?



JAVIER LAGO

 [javierlago.es](https://www.javierlago.es)

Emprendedor: Javier Lago

Javier Lago é un cantante e compositor pop nacido en Vigo en 1996. Despois de publicar cinco sinxelos entre 2021 e 2022, atópase a piques de estrear o que será o primeiro adianto do seu álbum debut. Nel, busca axuntar a súa herdanza musical, ligada aos cantautores e á música de finais dos 90 e principios dos 2000, con sons máis contemporáneos propios da súa xeración. Desta forma, consegue unha experiencia única na que se crean melodías recoñecibles que perduran na memoria de quen as escoita. Coas súas cancións, nas que trata temas vinculados directamente aos mozos adultos, reflectindo o seu momento vital actual, xera momentos de pausa que dan espazo ás emocións. Así, o oínte presta atención á mensaxe e á historia que se está contando, para explorar a través das súas letras as súas propias vivencias. Como artista, comprende que a parte visual do seu proxecto serve para potenciar o significado das cancións, polo que escribe e dirixe os seus propios videoclips, converténdose así nun artista multidisciplinar.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



LIDIA INDIA

 [@lidia_india](https://www.instagram.com/lidia_india)

Emprendedores/as: Lidia Castrillón, César Yáñez

Cantora e compositora ferrolá, descobre a súa paixón pola música ao longo das súas viaxes por latinoamérica, especialmente en Brasil. Iso vese reflectido nas súas composicións cheas de vida. Unha fusión na que ritmos afrobrasileiros mestúranse con estilos máis actuais e pinceladas de folclore galego. Músicas de raíz que percorren os corpos e convidan o baile. Unha proposta diferente con sons pouco habituais, onde as fronteiras desaparecen e podemos sentir que formamos parte de algo máis grande.



LOS PRETTY SIERRA

▶ @javibermejo2876

Emprendedor: Javier Bermejo

Un afiado cóctel de cancións, arrastrando e desgarrando as súas voces cara ao infinito a un ritmo moi suxestivo, con acordes e floreos que saen das súas guitarras nos seus rigorosos concertos... e nese preciso momento en que a enerxía é o status!! Alimentados por todo tipo de música rock, declaran ser unánimemente fans da retroalimentación e conseguen mediante unha naturalidade desempeñar un contaxio ante o seu público, facendo un espectáculo semieléctrico sen esquecerse de pegar o tempo. Vinte anos desde que nos coñecemos, así que a paixón, a entrega e a alegría, non pasan desapercibidas ante unha afiada liña musical na que non se illan os covers coas nosas propias composicións.



MANUFA

▶ @manufa4358

Emprendedor: Manuel Fernández

Manufa é un mozo rapeiro proveniente do norte de Galicia, caracterízase por un estilo idóneo para ambientes de festa, en especial móvese nos xéneros de trap e techno. É un artista cunha gran presenza encima dos escenarios. Isto fai que o público este envorcado en cada show.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



NAITINAIN

Linktree* @Naitinain

*Emprendedores: Álvaro Parra, Óscar Álvarez,
Pedro Montoya*

Naitinain é un proxecto musical fincado en Santiago de Compostela, que mestura pop e rock con sons experimentais provenientes da fusión de recursos tradicionais galegos como a gaita e a frauta travesera, con guitarras e ritmos característicos da escena alternativa nacional. As súas letras transmiten unha mensaxe irónica sobre as inquietudes da mocidade de hoxe en día, da que forman parte, atendendo a emocións e situacións coas que calquera persoa pode sentirse identificada. Nacidos en 1999 (motivo que dá nome ao grupo), e sen ter moita idea de nada, Álvaro, Óscar, Pedro, Unai e Carlos deciden, en 2019, converter o grupo de amigos que forman desde o colexio nunha agrupación musical. Combinar estilos, coidando as súas orixes e ofrecendo un son atractivo para as novas xeracións, é a base desta proposta, e a través desta mesma, a banda compostelá pretende compartir a súa música e a súa forma de entendela con toda persoa interesada en explorar e coñecer novos ritmos e experiencias coas que conectar.



PAULA FERRAZ

Linktree* @soypaulaferraz

Emprendedora: Paula Morais

Paula Ferraz é unha cantautora malagueña que se move entre o pop e o rock alternativo e que atopa en cada lugar no que está un sitio do que facer casa. Nas súas cancións móstrase como un libro aberto para facer ao público cómplice das súas historias, e en cada concerto busca ofrecer unha experiencia única a través de colaboracións e variacións, potenciando a interacción coa xente. Defende os seus temas en distintos formatos de directo: acústico (a piano ou guitarra), trío e banda completa. As cancións do seu primeiro disco, *Changes* (Molinillo Records, 2018), contan as súas experiencias de forma sincera, tanto en inglés como en español. Presentouno en distintos escenarios de Madrid, Málaga e Galicia. Agora volve con forzas renovadas, cancións novas e moito que compartir.



SOFI PERIES

Linktree* @sofi.peries

Emprendedoras/es: Sofía Pérez, Gerardo Arroso, Bruno Fernández.

Sofi Peries é unha artista de R&B experimental que nos envolve nos contrastes da vida coas súas letras e a súa voz. Unha explosión de emocións chea de matices e con moito drama. Directos que impactan pola súa sensibilidade compartida que consegue que sintamos protagonistas das súas historias.

PROXECTOS EMPRENDEDORES PARTICIPANTES NO DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL



SR. SALVAJE

 @sr.salvaje

Emprendedor: Guillermo Vizoso

"Sr. Salvaje" nace en formato Power Trío tras editar o seu primeiro E.P. "III" (Rock CD Records) ao reunirse tres músicos habituais da escena galega. Neste 2023 e afianzados como unha das bandas revelación do panorama "Rock and Roll" santiagués dos últimos anos están a piques de lanzar o seu primeiro longo. Este novo disco supón un salto cara a un son máis complexo, incorporando teclas e como é habitual, facendo equipo con Iago Pico aos mandos da produción artística e con Arturo Vaqueiro como enxeñeiro de son. Neste novo álbum a banda explora matices máis clásicos do Rock nacional, flirtean co Soul e mesmo incorporan algúns elementos do Country, Texmex e Rock sureño pero sen esquecer as guitarras afiadas e a voz rachada que surfeando sobre unha base rítmica de alta octanaxe, son xa marca da casa. Sr. SALVAJE SON: Guillermo Vistoso (Guitarra e Voz), Antón Torroncho (Baixo e coros), Emilio Iniesta (batería e coros) e Manuel Gómez (teclas, guitarra e coros).



TORSO

 @torso_synth

Emprendedor: Ibán Pérez

Torso é un proxecto de electrónica que nace da necesidade de ter un son propio e un control sen barreiras sobre a creatividade musical. Como multiinstrumentista, sempre formei parte doutros grupos, de diferentes estilos, instrumentais e cantados. Ao formar Torso, decido enfocarme na composición e a tímbrica dos elementos que nela se desenvolven. É un proxecto en constante crecemento. A música electrónica de carácter "Live Set" e/o "Dawless" (Live performance con sintetizadores, caixas de ritmos, secuenciadores e sen computador), moitas veces carece de interese escénico, falta de enerxía e de posta en escena. O meu interese con Torso está baseado en ofrecer unha performance dinámica, con forza e chea de actitude.



DEMODAY EMPRENDEMENTO MUSICAL

CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

Rúa Proxecto Vagalume 2, 15703 Santiago de Compostela
empredimiento@paideia.es
Teléfono. 981 91 01 00

Organiza e cofinancia



GOBIERNO DE GALICIA
INSTITUTO DE ENLACE COMERCIAL Y TURISMO

EOI Escuela de Organización Industrial



PAIDEIA
galiza fundación



Unión Europea
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro